


ENCRUCILMADO Seis científicos rexeitan o informe da ONU sobre o clima por subestimar o quecemento: eles din que o mar subirá varios metros

Ao bordo do abismo



O Perito Moreno é un dos grandes glaciais de Latinoamérica, pero tamén un dos máis afectados polo quecemento


O equipo asegura que só quedan dez anos para evitar a fin da civilización tal e como a coñecemos

Redacción · Santiago

Seis expertos que traballan nalgunhas das máis prestixiosas institucións científicas de EEUU advirten nunha publicación británica de que a civilización, tal e como a coñecemos, está ameazada polo cambio climático. Os seis científicos critican implicitamente o Grupo Intergobernamental sobre o Cambio Climático, da ONU, por subestimar a magnitude da elevación do nivel dos océanos. En lugar dos 40 centímetros que eles prevén, os científicos norteamericanos, encabezados por James Hansen, director do Instituto Goddard de Estudos Espaciais da Nasa, prevén que o nivel dos océanos suba varios metros de aquí ó ano 2100.

O seu alarmante informe, aparecido na revista *Philosophical Transactions of the Royal Society*, está asinado tamén por Makiko Sato, Pushker Kharecha e Gary Russell, tamén do Instituto Goddard, David Lea, da Universidade de California en Santa Bárbara, e Mark Siddall, do Lamont-Doherty Earth Observatory na Columbia University.

Os expertos sinalan que "a civilización desenvolveu e construíu amplas infraestruturas durante un período de estabilidade climática pouco usual, o Holoceno, que



Groenlandia é unha das grandes reservas de xeo e agora derrétese

ADIANTOUSE DÚAS SEMANAS || | | | | | | | | | |

A longa primavera do Ártico

A primavera no Ártico está chegando con "semanas de anticipación" ao que ocorria hai unha década, iniciou un equipo de investigadores daneses. De media, o xeo no nordés de Groenlandia está derreténdose 14,6 días antes que a mediados da década de 1990. Iso tamén adianta a cata de florecemento das plantas e outros fenómenos naturais.

O equipo advertiu de que os cambios observados poderían alterar os ecosistemas da rexión así como a cadea alimenticia, afectando

à supervivencia a longo prazo dalgunhas especies.

As observacións de 21 especies, seis plantas, 12 artrópodos e tres paxaros, revelaron que os organismos adiantaran o seu florecemento, a posta de ovos e outros procesos, de acordo co proceso de desxeo.

Tom Hoye, coautor do traballo, suxire que o quecemento na rexión, que estaba ocorrendo o dobre do ritmo da media global, podería afectarlle a futura estabilidade do ecosistema rexional.

durou xa case 12.000 anos e que esta a piques de conchur". A humanidade, engaden, non pode permitirse seguir queimando as reservas subterráneas de combustibles fósiles que aínda quecan, pois facelo significa que teremos "un planeta distinto do que serviu de soporte á actual civilización".

Segundo James Hansen, a humanidade ten só dez anos para aplicar as medidas draconianas necesarias para recortar as emisións de CO₂ ó ritmo preciso para evitar unha elevación perigosa das temperaturas do planeta. Se non se fai así, o quecemento pode facer que se fundan rapidamente as placas de xeos polares, proceso que se agravará ademais cando a luz do sol, que actualmente é reflectida pola superficie branca dos xeos, comece a ser absorbida polas escuras augas mariñas. Trátase do efecto albedo, é dicir a reflexión da radiación solar cando incide sobre o planeta: as superficies claras, por exemplo, o xeo e a neve caracterízanse por un maior albedo, mentres que os bosques, as rochas ou os océanos—superficies escuras—teñen un inferior.

O último informe do Grupo Intergobernamental sobre o Cambio Climático atribúelle un efecto mínimo á fusión dos xeos de Groenlandia ou da Antártida sobre a elevación do nivel dos océanos neste século. Os expertos estadounidenses non están de acordo: na súa opinión, as análises dos seus colgas non teñen suficientemente en conta a "física non lineal da desintegración" das placas, correntes e plataformas de xeo". ●

EN LIÑA

Segundo o libro bíblico de Daniel

Newton profetizou a fin do mundo para o 2060

O científico británico Isaac Newton, descubridor da lei de gravidade, predixiu que a fin do mundo chegaría no 2060, segundo unha exposición que se inaugura onte na Universidade Hebrea de Xerusalén. A mostra revela novos documentos sobre o traballo e as investigacións do científico, que viviu entre 1642 e 1727, das que se deduce que, ademais da física e da alquimia, estudou profecías apocalípticas escritas na antigüidade.

Entre os manuscritos do científico hai un no que trata de calcular a fin do mundo segundo o libro do profeta Daniel no Antigo Testamento e chega á conclusión de que se producirá no ano 2060.

Noutros, analiza textos hebreos consagrados na liturxia xudía, así como fragmentos do filósofo e médico cordobés Maimonides. Ao parecer, Newton estivo obsesionado coa idea de extraer material científico de textos antigos como a Biblia e o Talmud.

A súa aproximación á ciencia recolle o mesmo fervor relixioso que o levou a ser considerado unha sorte de profeta no seu tempo, segundo os organizadores da mostra. ● EFE

VANGARDA

Este ano créase o Premio Fonseca

Novos pulos ao programa 'ConCiencia' de Compostela

Compostela aspira a consolidarse como "cidade de coñecemento" cunha nova edición do programa *ConCiencia*, que contará coa participación de figuras do máximo nivel científico e premios Nobel, e coa creación do Premio Fonseca sobre divulgación científica. O alcalde compostelán e presidente do Consorcio da Cidade, Xosé Sánchez Bugaño, e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Senén Barro, asinaron hoxe un convenio polo que a institución académica asumirá a xestión do programa e o organismo interadministrativo achegará 70.000 euros para posibilitar a súa celebración. ● REDACCIÓN